



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02046
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Portugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución ao ensaio na literatura galega contemporánea e estudo de diferentes prácticas narrativas desenvolvidas en lingua portuguesa, en varios sistemas literarios, na segunda metade do século XX e no século XXI			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Aplicar a análise e o comentario críticos a textos e discursos literarios e non literarios, utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2 A11	B3 B7	C2
Aplicar na práctica o dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.	A8		C2
Aplicar o coñecemento avanzado da literatura galega e das literaturas portuguesas.	A1 A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A23 A27 A28	B1 B4 B6 B8 B9 B10	C2 C4
Aplicar os coñecementos adquiridos sobre historia e cultura das comunidades lusófonas e das comunidades galegas no exterior.	A7 A8 A19 A20 A27 A28	B5 B8	C2

Contidos	
Temas	Subtemas



1. O ensaio na literatura galega contemporánea	1.1. Prácticas ensaísticas e emerxencia cultural: as Irmandades da Fala. 1.2. Géneros no sistema literario galego actual. Legitimación do ensaio e tendencias repertoriais.
2. Ficción, historia e pós-colonialismo na narrativa contemporánea en lingua portuguesa	2.1. Questións teóricas e metodolóxicas. 2.2. Guerra e liberdade nacional na narrativa dos PALOP. 2.3. A memoria colonial no romance portugués contemporáneo.
3. A narrativa brasileira contemporánea	3.1. Questións xerais e problemas metodolóxicos. 3.2. Referencias para o estudo da narrativa brasileira actual. Autores/as, repertorios e tendencias. 3.3. Género negro e representacións da violencia.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A18 A20 B5 B8 C4	11	22	33
Obradoiro	A1 A2 A8 A14 A18 A20 B1 B3 B4 B7 B8 B10 C2 C4	8	16	24
Lecturas	A2 A4 A7 A8 A10 A11 A15 A18 A19 A20 B1 B6 B9	6	18	24
Traballos tutelados	A2 A3 A11 A14 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28 B5	3	14.5	17.5
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C2 C4	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica todos os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras e das lecturas realizadas, así como das competencias, destrezas e estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades poderán contemplarse, alén doutras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos de diverso tipo, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	O profesorado proporá a realización de diferentes lecturas ao longo do curso, de diferente tipoloxía. As lecturas de artigos teóricos e metodolóxicos, e outros textos breves, teñen o obxectivo de complementar as sesións maxistras, fomentar a reflexión crítica, o proceso de autoaprendizaxe e a aprendizaxe colaborativa. O profesorado fornecerá unha lista de obras ensaísticas e de ficción, da cal cada estudante deberá seleccionar dúas para o seu estudo monográfico.



Traballos tutelados	Cada alumno/a realizará un traballo tutelado elaborado utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa". Fai parte do traballo tutelado a correspondente presentación oral de procedementos e resultados. Este traballo consiste nunha actividade individual ou en grupo reducido (dúas ou tres persoas, en función do volume de matrícula) na cal deberá ser realizado un estudo cualitativo e/ou relacional de materiais de diferente tipoloxía, vinculados de preferencia á lectura dalgunha das obras propostas.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes textuais e documentais de diversa tipoloxía.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a orientación e axuda que precise para a realización dos seus traballos.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia.</p> <p>O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A8 A14 A18 A20 B1 B3 B4 B7 B8 B10 C2 C4	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía, incluídas as lecturas de artigos teóricos e metodolóxicos e outros textos breves, e de algunhas das obras ensaísticas e de ficción. Será proposta a realización de presentacións, debates, comentarios de textos e outro tipo de actividades. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade destas características.	30
Traballos tutelados	A2 A3 A11 A14 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28 B5	Traballo en que ao alumnado, individualmente ou en grupo, estuda de maneira monográfica algún aspecto do temario, de preferencia relacionado cunha ou con varias das lecturas de obras ensaísticas ou de ficción. Contará co apoio e supervisión do profesorado, durante as aulas e en sesións específicas. Serán avaliados o rigor teórico e formal, a capacidade analítica e relacional e a elaboración de reflexións críticas.	30
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A20 A23 A27 A28 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C2 C4	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto a precisión expresiva e conteudística, canto o axeitamento do disertado, do comentado ou do analizado ás competencias a adquirir e aos obxectivos a atinxir, previamente formulados para cada unha das tres modalidades polo profesor.	40

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliáveis/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

Todas as actividades orais e escritas, o traballo tutelado e a proba mixta deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística. No caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda oportunidade serán aplicados as mesmas metodoloxías e os mesmos criterios de avaliación que na oportunidade anterior. A proba mixta será realizada na data marcada pola Facultade de Filoloxía. Ese mesmo día será o último para a entrega do traballo tutelado, no caso de non ter sido entregado na oportunidade anterior.

O sistema de avaliación na convocatoria adiantada de decembro consistirá nunha proba mixta (50%) e nun traballo tutelado (50%). O alumnado interesado en concorrer a esta convocatoria deberá contactar o profesorado coa suficiente antelación.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

Fontes de información

Bibliografía básica

TEMA 1 Casas, Arturo. "A axencia político-cultural das Irmandades e a emerxencia de prácticas protoensaísticas na Galiza do seu tempo". Henrique Monteagudo e María Dolores Sánchez Vales (eds.). No tempo das Irmandades: fala, escrita, prelos. A Coruña: Real Academia Galega, 2017, 39-52. Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (ed.). As Irmandades da Fala, cen anos despois. A Coruña: Universidade da Coruña, 2016. Figueroa, Antón. Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Xerais, 2001. Figueroa, Antón. Ideoloxía e autonomía no campo literario galego. Ames: Laiovento, 2010. González-Millán, Xoán. "O discurso literario galego e a configuración dun espazo público nacional no primeiro tercio do século XX: un marco de reflexión?". Arturo Casas (coord.), Tentativas sobre Dieste. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1995, 13-29. Monteagudo, Henrique. "Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego (1916-20)?" Anuario de Estudos Literarios Galegos 1995, 1996, 63-108. TEMA 2 Basto, Maria Benedita. A guerra das escritas: Literatura, nación e teoría pós-colonial em Moçambique. Lisboa: Vendaval, 2006. Chaves, Rita. Angola e Moçambique. Experiencia colonial e territorios literários. Cotia: Ateliê Editorial, 2005. Melo, João de (org.). Os anos da guerra. 1961-1975. Os portugueses en África. Crónica, ficção e historia. Lisboa: Círculo de leitores, 1988. Moutinho, Isabel. The Colonial Wars in Contemporary Portuguese Fiction. Woodbridge: Tamesis, 2008. Ribeiro, Margarida Calafate. Uma história de regressos. Império, Guerra Colonial e Pós-Colonialismo. Porto: Edições Afrontamento, 2004. Teixeira, Rui de Azevedo. A guerra colonial e o romance português. Agonia e catarse. Lisboa: Notícias, 1998. Vecchi, Roberto. Exceção Atlântica. Pensar a literatura da guerra colonial. Porto: Afrontamento, 2010. TEMA 3 Carneiro, F. No país do presente? Ficção brasileira no início do século XXI. Rio de Janeiro: Rocco, 2010. Chiarelli, S. / Dealtry, G. / Vidal, P. (org.). O futuro pelo retrovisor: inquietudes da literatura brasileira contemporânea. Rio de Janeiro: Rocco, 2013. Martínez Teixeira, Alva; Martínez Pereiro, Carlos Paulo. "Da escala de cinza da escrita negra brasileira?". Abriu, 3 (2014), 29-49. Martínez Teixeira, A. "Uma possível topografia da narrativa brasileira contemporânea (A problematização da violência, o questionamento da identidade e a hibridação da escrita)?" Joaquim Coelho Ramos, "arka Grauvová, Jaroslava Jindrová (eds.). Língua portuguesa na Europa central: estudos e perspectivas. Praga: Karolinum Press, 2016, 26-41. Pereira, H. Bonito (org.). Ficção brasileira no século XXI. São Paulo: Mackenzie, 2009. Rocha, J. C. de Castro. Literatura Brasileira Hoje. Revista Pessoa (Digital), 2015.



Bibliografía complementaria	<p>TEMA 1 Alonso Alonso, María. Transmigrantes. Fillas da precariedade. Rianxo: Axóuxere, 2017. Ledo Andión, Margarita. Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega. A Coruña: Real Academia Galega, 2009. Miguélez-Carballeira, Helena. Galiza, un povo sentimental? Género, política e cultura no imaginario nacional galego. Compostela: Através Editora, 2014. Moure, Teresa. Politicamente incorreta. Ensaio para un tempo de pressas. Compostela: Através Editora, 2014. Reimóndez, María. Corpos exorbitantes. Rosalía de Castro, tradutora, en diálogo con Erín Moure. Santiago de Compostela: Concello de Santiago, USC, 2017.</p> <p>TEMA 2 Alegre, Manuel. Jornada de África (Romance de Amor e Morte do Alferes Sebastião). Lisboa: Dom Quixote, 1989. Antunes, António Lobo. Os cus de Judas. Lisboa: Dom Quixote, 1997 [1979]. Cardoso, Dulce Maria. O retorno. Lisboa: Tinta da China, 2011. Chiziane, Paulina. O alegre canto da perdiz. Lisboa: Caminho, 2008. Couto, Mia. Vinte e Zinco. Lisboa: Caminho, 1999. Figueiredo, Isabela. Caderno de memórias coloniais. Coimbra: Angelus Novos, 2009. Gersão, Teolinda. A árvore das palavras. Lisboa: Dom Quixote, 1997. Honwana, Luis Bernardo. Nós matamos o cão tinhoso. Porto: Afrontamento, 1972. Jorge, Lúcia. A costa dos murmurios. Lisboa: Dom Quixote, 1988. Melo, João de. Autopsia de um mar de ruínas. Lisboa: Dom Quixote, 1992. Pepetela. Mayombe. Lisboa: Edições 70, 1988 [1980]. Vieira, José Luandino. Nós, os do makulusu. Porto: Edições 70, 1985 [1975].</p> <p>TEMA 3 Bellotto, Tony. Os insones. São Paulo: Companhia das Letras, 2007. Ferréz. Manual práctico do ódio. Rio de Janeiro: Objetiva, 2003. Fonseca, Rubem. Mandrake: a Bíblia e a Bengala. São Paulo: Companhia das Letras, 2005. Garcia-Roza, Luiz Alfredo. O silêncio da chuva. São Paulo: Companhia das Letras, 2005. Maia, Ana Paula. A guerra dos bastardos. Rio de Janeiro: Língua Geral, 2007. Melo, Patrícia. Inferno. São Paulo: Companhia das Letras, 2000.</p> <p>* Ao longo do quadrimestre poderão ser fornecidas novas referências bibliográficas, especialmente no que diz respeito às obras de ficção</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura Portuguesa 2/613G02037

Materias que continúan o temario

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías